

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono : 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pala Disposición final segunda do Real Decreto-leí 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen va/idamente /les substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».


Visto canto antecede e no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- CONVOCAR **sesión ordinaria** que realizará O **CONCELLO PLENO** o vindeiro **30 de xullo de 2020, ás 20:00 horas**, por medios telemáticos (videoconferencia). De non poderse levar a cabo a sesión en primeira convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois.

Non obstante, aqueles concelleiros que non dispoñan ou non poidan realizar a videoconferencia, poderán asistir de maneira presencial acudindo ao salón de Plenos, debendo comunicar dita circunstancia a esta Alcaldía coa finalidade de garantir o desenvolvemento da sesión observando en todo momento as pertinentes medidas de seguridade e sanitarias.

Segundo.- Que polo Secretario accidental se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen o seu dispar na Secretaría municipal os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto. Non obstante, ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, remitiráselles a todos os concelleiros, mediante correo electrónico, a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día.

Terceiro.- Incluír na orde do día da devandita sesión os seguintes asuntos:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono : 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE DATA 18.12.2019, 30.12.2019, 30.01.2020 E 09.03.2020
2. APROBACIÓN DO RÉXIME DE FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DE REQUISITOS BÁSICOS E DO REGULAMENTO DE CONTROL INTERNO DO CONCELLO DE CEDEIRA
3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 305/2020 DE DATA 17.06.2020. SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2020
4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA
5. MOCIÓNS DE URXENCIA
6. ROGOS E PREGUNTAS